

PROGRAMA COÑECE GALICIA

minicampamentos de luns a venres en aloxamentos turísticos



O VERÁN QUE SEMPRE VAS LEMBRAR



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social e Xuventude
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
2023

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

| | |
|--|-----------|
| DESTINATARIOS | 5 |
| OBXECTIVOS | 6 |
| PRAZAS | 6 |
| COBERTURA | 7 |
| PRAZO DE INSCRICIÓN | 7 |
| COMO REALIZAR A INSCRICIÓN | 8 |
| ADXUDICACIÓN DE PRAZAS | 9 |
| LISTAS DE AGARDA | 10 |
| DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA | 10 |
| PREZO | 11 |
| 1. VALDOVIÑO MARIÑO III | 15 |
| 2. DESCUBRINDO A BELA FISTERRA II | 16 |
| 3. A CONQUISTA DE FOZ IV | 17 |
| 4. AVENTURA NA MONTAÑA IV | 18 |
| 5. A DESCUBERTA DA POBRA DO BROLLÓN III | 19 |
| 6. XEOCAMPAMENTO NAS MONTAÑAS DO COUREL III | 20 |
| 7. SOMÉRXETE NA NATUREZA III | 21 |
| 8. ACCIÓN NO ARNOIA III | 22 |
| 9. ECOVERÁN TERMAL EN LAIAS | 23 |
| 10. AVENTURA EN PARADANTA III | 24 |
| 11. MINICAMPAMENTO NATURA IV | 25 |
| 12. AVENTURA E NATUREZA RURAL | 26 |
| CADRO XERAL DE QUENDAS – MINICAMPAMENTOS COÑECE GALICIA 2023 | 27 |



A Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia pon en marcha, neste ano 2023, a cuarta edición do programa “Coñece Galicia”.

Trátase dunha iniciativa lúdico formativa que se desenvolve en aloxamentos turísticos distribuídos por toda a xeografía galega en estancias de cinco días, de luns a venres, e que serve tanto para apoiar a adquisición de competencias e habilidades por parte das persoas máis novas como para fomentar o coñecemento da riqueza natural e patrimonial de Galicia, o coidado do medio ambiente e o ocio educativo.

Este programa forma parte da oferta da Campaña de Verán da Xunta de Galicia deste 2023 e suma 600 prazas para completar a oferta de actividades de “O verán que sempre vas a lembrar”.

Ofrécense diferentes quendas alternativas de participación nos meses de xullo e agosto, distribuídas nun total de 12 programas e instalacións diferentes. Estas accións desenvolveranse en diferentes concellos de Galicia, ampliándose este ano con **dous novos programas nos concellos de Cenlle e A Lama.**

DESTINATARIOS

“Coñece Galicia” está dirixido a nenos e nenas empadroados/as en Galicia que teñan entre 10 e 14 anos no momento de asistencia á quenda de actividade elixida e que queiran gozar dun programa lúdico formativo nos espazos naturais da nosa comunidade autónoma.

Para poder ser admitido/a no programa será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. Para os casos nos que se inclúan actividades con auga, é requisito saber nadar, sen prexuízo do sinalado para as persoas con discapacidade. É importante revisar a información de cada minicampamento para saber se é preciso saber nadar.

As persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar neste programa e deberán indicar esta condición no formulario da solicitude, marcando o recadro correspondente.

As persoas que teñan unha **discapacidade igual ou superior ao 33%** deberán facer constar esta circunstancia no formulario de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara. En función do tipo de discapacidade poderá exceptuarse, de ser o caso, o requisito de saber nadar.

Moi importante: en aras de favorecer a participación de nenos e nenas non agraciados no sorteo de prazas xerais de campamentos, non poderán solicitar praza nos minicampamentos “Coñece Galicia” as persoas con praza adxudicada no outro procedemento, salvo para o caso que queden prazas vacantes nalgunha actividade.



OBXECTIVOS

- » Apoiar a **adquisición de competencias e habilidades** dos nenos e as nenas participantes.
- » Facilitar que os nenos e as nenas galegos/as participantes **coñezan a xeografía e o patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia**, promovendo o seu respecto e posta en valor.
- » Ofrecerlle á xente máis nova a oportunidade de **vivir a experiencia do turismo rural galego**.
- » Promover a **educación ambiental e o ocio saudable**.

PRAZAS

O número total de prazas dispoñibles é de 600, que se distribúen en 30 quendas de entre 18 e 23 prazas e en 12 programas e instalacións diferentes.

600

PRAZAS

30

QUENDAS

18-23

PRAZAS
POR QUENDA

12

INSTALACIÓNS

COBERTURA

O programa inclúe:

- » **Aloxamento de luns a venres.** A asignación de cuartos será de libre disposición, o que supón que haberá que compartir os que sexan múltiples.
- » **Manutención completa** dende a cea do luns ata o xantar do venres.
- » **Programa de actividades e equipo técnico responsable**, así como o material preciso para o seu desenvolvemento. No suposto de mal tempo levaranse a cabo actividades alternativas.
- » A cobertura das actividades **NON inclúe os desprazamentos** (nin de ida nin de volta) entre o punto de partida e o lugar onde se desenvolven as actividades.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición **comezará o día 12 de xuño ás 12.00 horas** e finalizará 5 días antes do inicio de cada actividade, salvo no caso de que se esgoten as prazas.



COMO REALIZAR A INSCRICIÓN

A reserva da praza efectuarase a través do formulario electrónico de inscrición, que estará dispoñible na páxina web xuventude.xunta.es, no apartado de "Acción de Verán". O formulario xerará un correo de confirmación das quendas solicitadas, que en ningún caso significa a confirmación da participación, senón a recepción do formulario.

Admítese unha única solicitude por persoa participante, na que se poderá escoller ata un máximo de 3 quendas diferentes de programas, indicando a orde de prioridade marcando o código asignado a quenda correspondente de participación.

A solicitude **pode ser individual ou múltiple**. Poderán presentar solicitude múltiple para o suposto de dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás ou no caso das persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, equiparándose a súa situación á de persoas irmás.

Esta solicitude múltiple só se poderá empregar no caso de persoas que pidan idénticas quendas en idéntica orde de prioridade. Todas as persoas interesadas que figuren nunha mesma solicitude deben cumprir os requisitos de idade esixidos nesta convocatoria.



ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación de prazas será **por rigorosa orde de inscrición**, ata cubrir a totalidade de prazas ofertadas.

As persoas seleccionadas **recibirán un correo electrónico de confirmación da praza** no prazo máximo de 7 días hábiles tras realizar a inscrición.

No caso de que unha persoa solicite participar en varias quendas, **a admisión nunha quenda exclúe a admisión nas restantes**, salvo que non se cubran as prazas destas últimas.

No caso de solicitude múltiple, debe terse en conta que a adxudicación é conxunta (polo global de persoas irmáns), polo que, de non existir prazas suficientes nas quendas solicitadas para o conxunto de irmáns, pasarase á lista de agarda.

A ausencia de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala producirá a baixa automática no programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas en lista de reserva.

Os/as participantes admitidos/as que **por calquera causa non poidan finalmente asistir ás actividades** deberán comunicalo á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no correo electrónico **concegalicia.xuventude@xunta.gal** **cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data de inicio da actividade**, co fin de poder asignarlles as prazas vacantes ás persoas solicitantes da lista de espera.



LISTAS DE AGARDA

As persoas solicitantes que non obteñan praza por esgotarse as existentes pasarán a formar parte da lista de agarda, o que se comunicará a través dun correo electrónico.

DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA

As persoas admitidas deberán remitir **no prazo de 5 días hábiles**, contados desde o día de comunicación da adxudicación da praza, ao correo electrónico concegalicia.xuventude@xunta.gal, a seguinte documentación:

- » O xustificante do pagamento.
- » Copia do DNI/NIE do/a menor. Se a persoa menor non dispón de DNI/NIE deberá achegarse a copia do libro de familia.
- » Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado.
- » Copia do certificado de familia numerosa, se é o caso.
- » Copia do certificado de familia monoparental, se é o caso.
- » Copia do Carné Xove, se é o caso.
- » Copia do certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente, se é o caso.
- » Declaración de saúde e autonomía persoal (ANEXO I), que incluírá a declaración responsable de que sabe nadar, se é o caso. Para o caso de persoas con discapacidade deberá incluírse a información actualizada que permita valorar os apoios que precisa, de ser o caso.
- » Autorización asinada para a captación de imaxes do/a menor (ANEXO II).



PREZO

O prezo de aplicación para este programa é de 25 euros/día de conformidade co regulado na Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Polo tanto, **todos os programas teñen un custe total de 125 euros, salvo que sexan de aplicación os descontos contemplados na normativa.**

DESCONTOS

- » **50%** para membros de **familia** que teñan o título de **numerosa**. **Prezo final: 62,50 euros.**
- » **50%** para familias que teñan o certificado de recoñecemento da condición de **familia monoparental** expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude. **Prezo final: 62,50 euros.**
- » **25%** para as persoas usuarias do **Carné xove**. **Prezo final: 93,75 euros.** Para poder aplicar o desconto a persoa beneficiaria deberá ser titular do Carné xove, vixente e activado, no momento de efectuar o pagamento.

Os descontos citados nos puntos anteriores en ningún caso serán acumulables.



DEVOLUCIÓN DE COTA

Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo, a persoa interesada non pode asistir á actividade, só terá dereito á devolución nos casos e polas causas seguintes:

- » Renuncia por escrito á praza adjudicada (ANEXO III), sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos 5 días hábiles antes do inicio da actividade.
- » Cando, por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.
- » Cando se produza o ingreso hospitalario ou outra causa médica grave que lle afecte á persoa menor e lle impida incorporarse á actividade. Esta causa debe acreditarse con informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresada a persoa menor.
- » Por falecemento ou enfermidade grave dun/ha familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado/a o/a familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- » Lémbrales ás persoas participantes a necesidade de respectar os horarios establecidos e as normas de organización interna dos aloxamentos.
- » As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo, incluso de cancelalo en caso de que sexa necesario pola seguridade das persoas participantes.
- » As actividades poderán sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas.

- » A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas no caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- » Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal do programa poderán ser expulsadas da súa participación na actividade correspondente.
- » Cada neno/a participante debe levar a tarxeta sanitaria e o DNI durante os días de realización do programa.
- » **A incorporación realizarase o luns antes das 19.00 horas e a saída será ao remate da actividade, o venres despois do xantar** (non antes das 16.00 horas).

Importante: Será preciso avisar con anterioridade da hora aproximada de chegada no número de teléfono que se facilitará unha vez adxudicada a praza, para favorecer unha chegada graduada das persoas participantes.

- » O día da incorporación deberase comunicar ao persoal da actividade os medicamentos que estean tomando, no caso de tratamento específico, así como as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- » A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se fará cargo en caso de roubo dos efectos persoais das persoas participantes, polo que é aconsellable non levar obxectos de valor aos minicampamentos.
- » A participación no programa supón a aceptación das condicións deste. Noutro caso, poderá excluírse do programa a persoa participante que incumpra as devanditas condicións.

Actividade financiada polo Ministerio de Igualdade, Secretaria de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, no marco do Plan Corresponsables.




PROGRAMAS

1. VALDOVIÑO MARIÑO III

Actividades de desfrute do medio mariño.

En Valdoviño (A Coruña).



ACTIVIDADES: Actividades náuticas (surf, paddle surf, caiac, body board,...) e outras actividades (actividades deportivas, sendeirismo).



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: do 3 ao 7 de xullo, do 10 ao 14 de xullo e do 21 ao 25 de agosto (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.




MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo, mochila pequena, chubasqueiro, traxe de baño, licra o neopreno (se o teñen), toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Hotel A Roda, Lugar Praia do Río-Meirás, 15552 Valdoviño (A Coruña).
Teléfono: 981 486 263.

2. DESCUBRINDO A BELA FISTERRA II

Actividades de desfrute do medio mariño. En Fisterra (A Coruña).



ACTIVIDADES: deportes e xogos na praia; actividades náuticas (caiac, paddle surf, bodyboard); actividades de coñecemento do entorno (aula mariña e biomergullo), tiro con arco, xeocaptura, dinámicas de grupo (obradoiro mindfulness, activa-T, espazo de escoita activa); veladas con karaoke, xinkana acuática.



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: do 3 ao 7 de xullo e do 10 ao 14 de xullo (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.




MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo, mochila pequena, chubasqueiro, traxe de baño, licra ou neopreno (se o teñen), toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Hotel Bela Fisterra, Avenida da Anchoa 56, 15154 Fisterra (A Coruña).
Teléfono: 981 110 311.

3. A CONQUISTA DE FOZ IV

Actividades multiaventura e de coñecemento do patrimonio natural e cultural. En Foz (Lugo).



ACTIVIDADES: Aventura (sendeirismo, orientación), auga (actividades na praia), deporte e pre deporte (xogos deportivos, shuttle ball, floorball, carreiras de obstáculos), mestura (xogos tradicionais, obradoiros creativos, grandes xogos de interior e exterior, teatro, veladas, escape street, olimpiadas vikingas, elaboración de medallón vikingo, festa flúor.



NADAR: Non se esixe saber nadar. En todo caso, as persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.



DATAS: do 3 ao 7 de xullo, do 17 ao 21 de xullo e do 28 de agosto ao 1 de setembro.



PRAZAS: 20 por quenda.



MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chuvasqueiro, traxe de baño, toalla, chanquetas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.




ALOXAMENTO: Hotel Leyton, Avenida da Mariña, 6, 27780 Foz (Lugo).

Teléfono: 982 140 800.

4. AVENTURA NA MONTAÑA IV

Actividades de coñecemento do medio natural da contorna dos Ancares. En Piornedo-Cervantes (Lugo).



ACTIVIDADES: parque de tirolinas, paddel surf, veladas e xogos nocturnos, tiro con arco, xogos de orientación, identificación de flora e fauna, actividades de sendeirismo, montañismo no Mustallar, piscina, ximkanas, xogos de auga, firshoot en piscina, xogo de rastrexo e probas pola contorna, actividades de relaxación, actividades deportivas.



NADAR: Non se exige saber nadar. En todo caso, as persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.



DATAS: do 17 ao 21 de xullo e do 24 ao 28 de xullo (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.




MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, calzado deportivo, lanterna, mochila pequena, lentes de sol (recomendable) cantimplora, chubasqueiro, traxe de baño, toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Hotel Piornedo, Donís (San Liz), Piornedo, 27664 Cervantes (Lugo).
Teléfono: 982 161 587.

5. A DESCUBERTA DA POBRA DO BROLLÓN III

Actividades de turismo de natureza e educación ambiental. Na Pobra do Brollón (Lugo).



ACTIVIDADES: deportivas, de animación (veladas, dinámicas...), de aventura (orientación na natureza, tiro con arco, láser...), de educación medioambiental, culturais (dramatización e expresión corporal), obradoiros, piscina, xogos populares.



NADAR: Non se esixe saber nadar. En todo caso, as persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.



DATAS: do 17 ao 21 de xullo e do 21 ao 25 de agosto (de luns a venres).



PRAZAS: 23 por quenda.




MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chubasqueiro, traxe de baño, toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Hotel Rústico O Forno, Iglesia s/n, Salcedo, 27338 A Pobra do Brollón (Lugo). Teléfono: 982 430 501.

6. XEOCAMPAMENTO NAS MONTAÑAS DO COUREL III

Actividades de coñecemento do medio natural da contorna das montañas do Courel. En Folgoso do Courel (Lugo).



ACTIVIDADES: dinámicas, visitas culturais, rutas de sendeirismo, piscina, acampada nunha cabana tradicional do Courel, bateo do ouro nas áreas do Río Lor, visita interpretada a unha cova do Courel.



NADAR: Non se esixe saber nadar. En todo caso, as persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.



DATAS: do 10 ao 14 de xullo, do 21 ao 25 de agosto e do 28 de agosto ao 1 de setembro (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.



MATERIAL INDISPENSABLE: mochila pequena para as rutas, calzado para camiñar, calzado deportivo, roupa de deporte, roupa de abrigo, impermeable, crema solar, útiles de aseo persoal, traxe de baño, toalla de baño, chancletas de ducha. Importante: saco de dormir para facer noite na cabana.



ALOXAMENTO: Acampamento O Caurel, Esperante s/n, 27325 Folgoso do Courel (Lugo). Teléfono: 622 051 803.

7. SOMÉRXETE NA NATUREZA III

Actividades de aventura e de coñecemento de paraxes naturais. Na Pobra de Trives (Ourense).



ACTIVIDADES: roteiros, vivaque (dormir baixo as estrelas), tiro con arco, orientación na montaña, obradoiros de fauna e flora, rastros de fauna, visita ao Souto de Rozabales, baños naturais, xogos, velada de animación, visita teatralizada e obradoiros de refugallo.



NADAR: Non se esixe saber nadar. En todo caso, as persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.



DATAS: do 3 ao 7 de xullo e do 24 ao 28 de xullo (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.



MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chubasqueiro, traxe de baño, toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal e saco de durmir para vivaque nocturno.



ALOXAMENTO: Hotel As Maceiras, San Lourenzo, 32788, A Pobra de Trives (Ourense). Teléfono: 988 330 034.

8. ACCIÓN NO ARNOIA III

Actividades de inmersión e coñecemento do patrimonio natural. En Allariz (Ourense).



ACTIVIDADES: actividades multiaventura (tiro con arco, bautismo de caiaç no río Arnoia, ruta de orientación, hípica), actividades na vila (piscina, descuberta polo centro histórico), outras actividades (xogos de presentación, xogos de distensión e xincanas, dinámicas grupais, veladas).



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: do 10 ao 14 de xullo e do 28 de agosto ao 1 de setembro (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.



MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, pantalón cómodo (para hípica), calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chubasqueiro, traxe de baño, toalla, chancletas de ducha, chancletas pechadas ou escaçpíns, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Pousada Torre Lombarda, Alfredo Nan s/n, 32664, Allariz (Ourense).
Teléfono: 988 554 005.

NOVO

9. ECOVERÁN TERMAL EN LAIAS



ACTIVIDADES: Deportes náuticos no encoro de Castrelo de Miño, visitas culturais pola contorna, ruta ambiental no Parque Nacional Peneda-Gêres, ruta tren turístico polo río Miño en Ourense, baño nas Termas de Outariz, observación de estrelas e veladas.



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: Do 10 ao 14 de xullo, do 17 ao 21 de xullo e do 24 ao 28 de xullo (de luns a venres).




PRAZAS: 18 por quenda.



MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chufasqueiro, traxe de baño, toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.




ALOXAMENTO: Albergue Laias, Estrada nacional 120 Km. 585-8, Cenlle.
Teléfono: 988 280409.



10. AVENTURA EN PARADANTA III

Actividades de coñecemento e desfrute no medio rural. En Covelo (Pontevedra).



ACTIVIDADES: visita a Monçao, tarde de xogos na área recreativa da Canuda, ruta interpretada polo río Xabriña e visita a un lugar de cera, rafting no río Miño, láser tag, paddle surf na praia fluvial de Maceira, slackline, tiro con arco, veladas, activaT.



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: do 17 ao 21 de xullo e do 28 de agosto ao 1 de setembro (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.




MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chubasqueiro, traxe de baño, toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Lugar dos Devas. Cernadela, 4, 36873 Covelo (Pontevedra).
Teléfono: 600 617001.

11. MINICAMPAMENTO NATURA IV

Actividades de coñecemento do medio natural e mariño. En Sanxenxo (Pontevedra).



ACTIVIDADES: snorkel, intermareal (coñecemento especies mariñas), xogos na praia, xogos de orientación, veladas nocturnas, sendeirismo, paddle surf, visita guiada pola ermida e o xacemento arqueolóxico, piragüismo, parque acuático, surf.



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: do 3 ao 7 de xullo, do 10 ao 14 de xullo e do 17 ao 21 de xullo (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.




MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chubasqueiro, traxe de baño, licra ou neopreno (se o teñen), toalla, chancletas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Hotel Con D'Arbon, Estrada da Lanzada – Noalla, 36960 Sanxenxo (Pontevedra). Teléfono: 986 745321.

NOVO

12. AVENTURA E NATUREZA RURAL



ACTIVIDADES: escalada en rocódromo, tirolina, caiak, wake, paddle surf, equitación, tiro con arco, sendeirismo. Actividades de tempo libre: achegamento á cultura e costumes do rural, visita ao castelo de Soutomaior, actividades orientadas á interacción interpersonal mediante xogos.



NADAR: É necesario saber nadar.



DATAS: do 17 ao 21 de xullo , do 24 ao 28 de xullo e do 14 ao 18 de agosto (de luns a venres).



PRAZAS: 20 por quenda.



MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda e roupa de abrigo, calzado cómodo para camiñar, mochila pequena, cantimplora, chufasqueiro, traxe de baño, licra o neopreno (se o teñen) toalla, chanquetas, gorra ou viseira, crema solar, útiles de aseo persoal.



ALOXAMENTO: Hotel Candor, R/ A Pedreira, 45, A Lama, Pontevedra.
Teléfono: 986 745321.

CADRO XERAL DE QUENDAS – MINICAMPAMENTOS COÑECE GALICIA 2023

| Nome do campamento | Nº quendas | 3 ao 7 de xullo | 10 ao 14 de xullo | 17 ao 21 de xullo | 24 ao 28 de xullo | 14 ao 18 de agosto | 21 ao 25 de agosto | 28 agosto ao 1 setembro |
|--|------------|-----------------|-------------------|-------------------|-------------------|--------------------|--------------------|-------------------------|
| 1.VALDOVIÑO MARIÑO III | 3 | 20 | 20 | | | | 20 | |
| 2.DESCUBRINDO A BELA FISTERRA | 2 | 20 | 20 | | | | | |
| 3.A CONQUISTA DE FOZ IV | 3 | 20 | | 20 | | | | 20 |
| 4.AVENTURA NA MONTAÑA IV | 2 | | | 20 | 20 | | | |
| 5.A DESCUBERTA DA POBRA DO BROLLÓN III | 2 | | | 23 | | | 23 | |
| 6.XEOCAMPAMENTO NAS MONTAÑAS DO COUREL III | 3 | | 20 | | | | 20 | 20 |
| 7.SOMÉRXETE NA NATUREZA III | 2 | 20 | | | 20 | | | |
| 8.ACCIÓN NO ARNOIA III | 2 | | 20 | | | | | 20 |
| 9.ECOVERÁN TERMAL EN LAIAS | 3 | | 18 | 18 | 18 | | | |
| 10.AVENTURA EN PARADANTA III | 2 | | | 20 | | | | 20 |
| 11.MINICAMPAMENTO NATURA IV | 3 | 20 | 20 | 20 | | | | |
| 12. AVENTURA E NATUREZA RURAL | 3 | | | 20 | 20 | 20 | | |

MÁIS INFORMACIÓN:

 981 545 822 | 981 545 937 | 981 545 702

Actividade financiada polo Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, no marco do Plan Corresponsables



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES

